

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de José Rubia Barcia, a Lois Tobío Fernández, a M^a del Carmen Soler do 18/06/1985

Colección:

Data: 18/06/1985

De:

José Rubia Barcia;

Para:

Lois Tobío Fernández; M^a del Carmen Soler;

Orixe:

10540 Ashton Avenue (de enderezo), Os Ánxeles (local), California (estatal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e con membrete: UNIVERSITY OF CALIFORNIA, LOS ANGELES - UCLA.

Na segunda páxina só hai unhas anotacións manuscritas. A carta vai dirixida ao matrimonio Tobío Soler ("Mis queridos Luis y M^a del Carmen")].

Mencionados:

Carmen Aldecoa; Rosalía de Castro; Eva López de Rubia Barcia;

Notas do editor:

A carta conta con membrete da Universidade de California onde traballa.

Fala da Profa. Carmen Aldecoa, amiga persoal dos Rubia Barcia e que en 1985 xa residía en España. Non atopei datos biográficos (ano do seu nacemento por exemplo) da exiliada Carmen Aldecoa.

Carmen Aldecoa González aparece en 1925 como profesora de filoloxía na Universidade de Santander. Compañeira do anarcosindicalista Jesús González Malo, tivo que exiliarse en 1939 a Francia. Poucos meses despois trasladáronse a Cuba. Alí traballou na Escuela Libre de La Habana, onde probablemente fixo amizade con José Rubia Barcia e Lois Tobío. En 1940 trasládase a Nova York. Alí converteuse nunha mestra destacada no departamento de español da Universidade de Nova York, e foi unha das editoras do xornal "España Libre". Non sabemos a data de retorno a España, o seu home morreu en Nova York en 1965.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de José Rubia Barcia, a Lois Tobío Fernández, a M^a del Carmen Soler do 18/06/1985

UNIVERSITY OF CALIFORNIA, LOS ANGELES UCLA

BERKELEY - DAVIS - IRVINE - LOS ANGELES - RIVERSIDE - SAN DIEGO - SAN FRANCISCO -
SANTA BARBARA - SANTA CRUZ

DEPARTMENT OF SPANISH AND PORTUGUESE
LOS ANGELES, CALIFORNIA 90024

18 de junio de 1985

Queridos Luis y M^a del Carmen:

Me encantaría volver a veros en mi próximo viaje. Llegaré a Madrid el 2 de julio por la mañana y me quedaré hasta el 5. Esta vez viajo solo. Eva no puede acompañarme. De estar vosotros en Madrid esos días pudiéramos repetir la experiencia el día 3 y con Carmen Aldecoa, almorzar otra vez juntos en el Edelweis.

Volveré a quedarme en el Hotel Sanvy, tlf. 276-08-00.

Participaré en la conmemoración del centenario de Rosalía que se celebrará en Santiago del 15 al 20 de julio. Y me volveré aquí a fines de mes. Lo más probable es que a la vuelta pase sólo una noche en Madrid antes de tomar el avión.

Eva os manda sus recuerdos y yo el anticipo de un doble abrazo.

Vuestro amigo

José [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.